



Ref.-AEG/axps
665/17

CONVENIO ESPECÍFICO PARA O ANO 2017 DO PROTOCOLO XERAL DE COLABORACIÓN SUBSCRITO O 1/9/99 ENTRE O MINISTERIO DO INTERIOR (DELEGACIÓN DO GOBERNO PARA O PLAN NACIONAL SOBRE DROGAS) E A COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral técnico da Consellería de Sanidade, DECLARA:

Que a Consellería de Sanidade e o Ministerio do Interior subscribiron con data 1/9/99 un Protocolo xeral de colaboración en materia de drogodependencias.

Nese protocolo estableceuse que os programas nos que se concretase a colaboración entre a Mesa de Coordinación de Adxudicacións e a Consellería de Sanidade, estableceríanse nun convenio específico de carácter anual.

A Mesa de Coordinación de Adxudicacións, en sasión celebrada o 1/6/17, acordou asignar á Comunidade Autónoma de Galicia 487.000 € con cargo ao fondo procedente de bens decomisados.

Que o instrumento convencional ten por obxecto concretar na Comunidade Autónoma de Galicia o desenvolvemento dos seguintes programas:

- Programa de prevención do consumo de alcohol e outras drogas en contextos de ocio nocturno e de botellón de Galicia.
- Programa de prevención indicada dirixida á redución de riscos e diminución de danos en drogodependencias en situacións de emerxencia social.
- Programa de seguimento e atención de persoas en tratamento unha vez excarceladas (ITINERE).
- Programa de atención xurídico social en trastornos adictivos con problemática legal asociada (PAJS).
- Programa de incorporación socio laboral no paciente con trastornos adictivos.
- Programa de sensibilización en drogodependencias para penados a traballos en beneficio da comunidade.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde ao axeitado desenvolvemento dos programas referidos.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no mantemento dunha liña de colaboración establecida no ano 1999, e que ten posibilitado a realización de programas en materia de drogodependencias, sufragados con cargo aos ingresos estatais procedentes de bens comisados por narcotráfico e outras actividades delitivas.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela, a 22 de novembro de 2017.

O secretario xeral técnico

Alberto Fuentes Losada